

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E A ASOCIACIÓN ÉRGUETE DE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUTAS ADITIVAS NO QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A REFORMA DUN INMOBLE INCLUÍDO NO PROGRAMA VIVENDAS DE APOIO Ó TRATAMENTO

Vigo, a 3 de decembro de 2024

REUNIDOS

Dunha parte, don Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade, de conformidade co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, co Decreto 144/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade e co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Doutra parte, dona Sonia Fernández Vilar, na súa condición de vicepresidenta da Asociación Érguete de Prevención e Intervención en Condutas Aditivas, con NIF G-36861078, actuando en representación desta.

Todas as partes, na representación que ostentan, recoñécense mutuamente a capacidade necesaria para a subscrición do presente convenio, e para tal efecto

MANIFESTAN

I. A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, sinala que lle corresponden á Consellería de Sanidade as competencias en materia de saúde, atribuídas á Comunidade Autónoma polo Estatuto de autonomía de Galicia. Igualmente, asume a dirección do Sistema público de saúde de Galicia, conforme os principios obxectivos da concepción integral da saúde, na que se inclúe a promoción da saúde, a protección fronte a situacións e circunstancias que supoñen un risco para esta, a calidade dos servizos e a mellora continua da organización sanitaria, a atención ás necesidades de saúde da poboación, así como a eficiencia, efectividade e eficacia na xestión do sistema sanitario.

Pola súa banda, a Lei 8/2008, do 10 de xullo, fai mención expresa aos dereitos de grupos especiais de persoas, en tanto que colectivos que deben ser obxecto de especial atención polas administracións sanitarias competentes, expresando a exposición de motivos da Lei que *"a saúde mental e a atención ás drogodependencias son incorporadas dentro da asistencia como calquera outro aspecto de saúde, deixando de ser consideradas como prestacións sanitarias independentes"*

II. A este respecto, a consellería de Sanidade ten como misión a mellora da saúde da poboación galega desde unha perspectiva comunitaria e de equidade. Para iso, identifica perigos para a saúde, os problemas de saúde e as poboacións máis susceptibles; avalía os riscos asociados aos perigos e os problemas de saúde



identificados; vixía e monitoriza os perigos, os riscos e os problemas de saúde que afectan á poboación galega e, de acordo coas políticas de saúde da Comunidade Autónoma de Galicia, propón, planifica e, se procede, desenvolve programas e actuacións para controlar os riscos de enfermarse ou morrer prematuramente.

Con carácter específico, correspóndelle o desenvolvemento e actualización da carteira de servizos de prevención en condutas aditivas e a coordinación con todas as entidades implicadas para o seu desenvolvemento.

III. Érguete é unha asociación sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública por Orde de 3 de maio de 2011 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, con personalidade xurídica propia, inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia co número 2007/010338-1.

Segundo os seus estatutos a asociación ten como fins:

- Apoiar, asesorar e axudar a familias e persoas que, directa ou indirectamente, estean afectadas por condutas aditivas.
- Sensibilizar á sociedade, á opinión pública e ás administracións sobre os problemas derivados das condutas aditivas.
- Impulsar, colaborar e planificar actuacións encamiñadas á prevención das condutas aditivas e a facilitar a incorporación social dos consumidores de sustancias aditivas e das condutas asociadas, así como a promoción dunha conciencia social sobre os efectos nocivos das condutas aditivas que faciliten un aumento da percepción do risco do seu consumo facendo fincapé en menores ou mozos como obxecto de intervención.
- Promover actuacións que faciliten a incorporación social dos consumidores de sustancias aditivas e mellorar a súa interacción coa sociedade.
- Promover actuacións que incidan na mellora da calidade da vida do consumidor.
- Estimular o respecto, convivencia, protección e defensa das persoas con problemas asociados a condutas aditivas e os seus familiares.
- Prestar atención integral ás persoas afectadas por condutas aditivas reclusas e exreclusas, VIH e os seus familiares, así como outros colectivos en risco ou en exclusión social para paliar as súas necesidades psicolóxicas, sociais, familiares, formativas, laborais, económicas, xurídicas, de saúde, vivenda e as básicas para a vida diaria.
- Actuar contra a marxinación e a exclusión social ou calquera violación dos dereitos humanos das persoas destinatarias e protagonistas do traballo da asociación.
- Colaborar coa comunidade educativa, cos sistemas de protección de menores ou calquera organismo público e privado que interveña coa infancia, na posta en marcha de actuacións dirixidas á prevención de adiccións, ao absentismo, a violencia ou calquera outro factor que poida supoñer un risco de fracaso escolar, delincuencia xuvenil, condutas aditivas ou calquera circunstancia que desemboque na exclusión social.



- Fomento da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, así como a igualdade de trato para as persoas e a non discriminación como principios básicos sociais independentemente do xénero, sexo, orixe racial ou étnica, condición social, orientación sexual, idade, discapacidade, procedencia, relixión ou crenzas, etc, potenciando a participación das persoas ou colectivos discriminados en todas as áreas e ámbitos da sociedade.

IV. Especificamente, a Asociación Érguete vén desenvolvendo dende o ano 2009 un programa residencial, *Vivendas de Apoio ó Tratamento*, composto por tres vivendas en réxime de alugueiro, dúas destinadas a homes e unha a mulleres, na cidade de Vigo, conveniado coa Consellería de Sanidade.

O obxectivo xeral é mellorar a calidade de vida e normalización dos hábitos de conduta das mulleres e homes que se atopan a tratamento de adicción nalgunha das Unidades de Asistencia a Drogas (UADs) da comunidade galega, e non dispoñen dunha vivenda e do apoio persoal que cubra as súas necesidades básicas.

Na vivenda, unha equipa de profesionais acompaña a cada persoa a acadar os obxectivos propostos na área sanitaria, social, psicolóxica e de inserción laboral, dando prioridade aos seguintes aspectos:

- Control e seguimento de prescricións médicas.
- Proporcionar as persoas carentes de recursos unha vivenda dende onde poder iniciar un tratamento, formarse ou comezar a traballar.
- Incorporación de hábitos de vida saudables e consolidación da abstinencia.
- Apoio cara a formación orientada á inserción laboral.
- Facilitar o acceso aos recursos asistenciais comunitarios.
- Potenciar a adquisición de nova rede social fóra dos ámbitos marxinais con socialización non vinculada ó consumo.

V. Actualmente, unha das necesidades máis urxentes que presenta o citado programa residencial é poder dispor dunha vivenda que permita darlle estabilidade no tempo, sen estar sometido aos condicionantes de finalización de contratos de alugueiro.

Precisamente, por tal motivo, a asociación vese na obriga de abandonar logo de 15 anos a vivenda destinada a mulleres, único dispositivo residencial destas características na comunidade autónoma galega, non atopando ningún inmovble que reúna as características idóneas para acadar os obxectivos do programa.

A Asociación Érguete é coñecedora da existencia dunha vivenda baleira a disposición da Xunta de Galicia, polo que solicitaron a súa concesión demanial o día 29.2.2024.

VI. A Comunidade Autónoma de Galicia é titular do inmovble con referencia catastral 2353015NG2725S0059XL situado na rúa de López Mora nº 5, 7º C no Concello de Vigo, en virtude de Auto ditado polo Xulgado de 1ª Instancia nº 11 de Vigo, de data 10.10.2016, polo que se lle declara herdeira ab intestato de Caridad Fátagan García.



O Servizo Galego de Saúde solicitou o 7.3.2024 a adscrición dese inmovible co fin de destinalo a fins sanitarios, e por Orde do 22.3.2024, a Consellería de Facenda e Administración Pública acordou a afectación do dito inmovible ao dominio público con destino a fins públicos sanitarios e a súa adscrición á Consellería de Sanidade.

Acerca da competencia, segundo o artigo 48.1 da Lei 6/2023, do 2 de novembro, do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, a competencia para outorgar autorizacións e concesións sobre bens e dereitos do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia que non veña especificamente determinada por unha norma con rango de lei correspóndelle á persoa titular da consellaría á que se encontren adscritos ou ao órgano unipersonal de goberno da entidade pública instrumental titular ou á que se encontren adscritos os bens ou dereitos

A Orden de 22 de abril de 2020 de delegación de competencias en órganos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na Axencia Galega para a Xestión do coñecemento en Saúde, no seu artigo 6.1.a), delega na persoa titular da Dirección Xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde a xestión e resolución dos expedientes de natureza patrimonial e a representación para a formalización dos actos de adquisición e disposición sobre bens e dereitos de contido patrimonial.

En aplicación do anterior, con data 26.4.2024, a Dirección Xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde resolveu outorgar a concesión directa do citado inmovible en favor da Asociación Érguete de Prevención e Intervención en Condutas Aditivas. Esta concesión regularase polas cláusulas do contrato de concesión demanial asinado por ambas as dúas partes, e se outorga por un período de 30 anos a contar dende a resolución de outorgamento. Previa solicitude do concesionario, o Servizo Galego de Saúde poderá prorrogar a dita concesión. O prazo máximo de duración, incluídas as prórrogas, non poderá exceder de 75 anos. Non obstante o anterior, se tras a liquidación da herdanza a Comunidade Autónoma perdera a titularidade do inmovible, esta concesión extinguiríase automaticamente.

VII. Segundo o contrato de concesión demanial, asinado con data 29.4.2024, a cláusula terceira autoriza *"a realización das obras de adaptación do inmovible que sexan necesarias para a realización das actividades da asociación, previa obtención pola súa conta de cantas licenzas e permisos sexan necesarios. As obras ou melloras realizadas no inmovible polo concesionario reverterán á Comunidade Autónoma de Galicia no momento da finalización da concesión"*.

Por todo isto, formalizan o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto do presente convenio é a colaboración da Consellería de Sanidade coa Asociación Érguete de Prevención e Intervención en Condutas Aditivas (en adiante, Érguete) para o financiamento das obras de reforma dun inmovible, ao abeiro do programa residencial, *Vivendas de Apoio ó Tratamento*, coa finalidade xeral de mellorar a calidade de vida e normalización dos hábitos de conduta das mulleres e homes que se atopan a tratamento de adicción nalgunha das Unidades de Asistencia a

Drogas (UADs) da comunidade galega, e non dispoñen dunha vivenda e do apoio persoal que cubra as súas necesidades básicas.

O inmovble en cuestión, con referencia catastral 2353015NG2725S0059XL, está situado na rúa de López Mora nº 5, 7º C no Concello de Vigo.

Segundo se detalla no proxecto de adecuación da vivenda achegado por Érguete, por un importe de 36 118, 50 €, as obras de reforma consistirán en:

- Renovación de baños
- Pintura de paredes e teito
- Fontanería
- Reforma da instalación eléctrica
- Lixado e barnizado de parquet e colocación de rodapés
- Subministración e colocación de 3 xanelas de aluminio
- Pintura de barandilla exterior.

A este respecto, cabe a subcontratación do 100 % da actividade subvencionada, nos termos establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 43 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Segunda. Compromiso da Consellería de Sanidade

A consellería de Sanidade comprométese a colaborar no financiamento das obras, para o cal achegará a contía de 30 000 € euros con cargo á aplicación orzamentaria 42.01/413A/78100, proxecto 2015.00455, na que existe crédito axeitado e suficiente.

Terceira. Procedemento de concesión

Logo de ver o expresado na cláusula primeira, a especificidade das características e da actividade desenvolvida por Érguete, ligada á idea de colaboración cun fin de interese público fan imposible a efectividade do principio de concorrência na concesión da achega económica.

Por tal motivo, dado o interese público, social e humanitario das actividades obxecto deste convenio, e o seu carácter singular inherentes á propia existencia da entidade Érguete, segundo se recollen nos seus estatutos, non procede a realización de convocatoria pública.

Cuarta. Compromisos de Érguete

Érguete asume os seguintes compromisos:

1. Levar a cabo as actuacións necesarias para a correcta execución das obras obxecto deste convenio, e en especial, obter as licenzas e permisos que sexan necesarios.
2. Aboar as obras a realizar. Con anterioridade, segundo o disposto no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen,



presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

3. Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como someterse ás obrigas dos beneficiarios establecidas no artigo 11 da mesma lei.

4. Consonte o establecido no artigo 27.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, Érguete asume, na súa condición de beneficiaria, a total responsabilidade ante a consellería de Sanidade. Tamén se compromete a establecerlle ao contratista a obriga de colaboración para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 45 da citada lei.

5. Facilitar, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Consello de Contas de Galicia e polo Tribunal de Contas, no seu caso, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.

6. Comunicar á Consellería de Sanidade a alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para os efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.

7. Comunicar á Consellería de Sanidade a data de recepción das obras para os efectos de que esta envíe un representante, se así o estima oportuno. As obras ou melloras realizadas no inmovible polo concesionario reverterán á Comunidade Autónoma de Galicia no momento da finalización da concesión demanial.

Quinta. Pagamento e xustificación

1. O pagamento desta subvención farase efectivo previa presentación das xustificacións dos gastos realizados, nos termos establecidos nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007 e 44 e seguintes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia. O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada, calculado en función da porcentaxe subvencionada do custo final da actividade, segundo o artigo 60.1 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro. Ademais, atendendo ao artigo 62.2 do mesmo decreto, o importe conxunto dos pagamentos á conta e dos pagamentos anticipados que, se é o caso, se concedesen non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas.

2. A data límite para a xustificación destes gastos será o **16 de decembro de 2024**, e a documentación deberá dirixirse á consellería de Sanidade.

En aplicación do artigo 48 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, a conta xustificativa conterá, con carácter xeral, a seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.



- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

a) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, se é o caso, data de pagamento. No caso de que a subvención se outorgue segundo un orzamento, indicaranse as desviacións producidas.

b) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.

c) Certificado de taxador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmobles.

d) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, se é o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a), agás naqueles casos en que as bases reguladoras da subvención preveren a súa compensación mediante un tanto global sen necesidade de xustificación.

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

f) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, deba ter solicitado o beneficiario.

g) Se for o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

Sexta. Compatibilidade

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

No seu caso, Érguete deberá presentar unha declaración do conxunto de todas as solicitudes de subvención efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto ou actividade ante as administracións públicas competentes ou doutros entes públicos.

Sétima. Ausencia de relación contractual

A subscrición do presente convenio non conleva relación contractual ningunha entre a Consellería de Sanidade e os profesionais que realicen as actividades obxecto do presente convenio, de tal xeito por este concepto non se poderá esixir responsabilidades nin directas nin subsidiarias, polos actos acaecidos no seu desenvolvemento.



Oitava. Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o bo fin e cumprimento do obxecto deste convenio, constituirase unha comisión de seguimento á que corresponderán as seguintes funcións:

1. Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas para tal fin.
2. Interpretar en caso de dúbida o contido do mesmo.
3. Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación.

A comisión estará formada por dúas persoas representantes de cada unha das partes nomeadas polos/as seus/súas máximos/as responsables. A comisión reunirase por solicitude dunha das partes asinantes, considerándose constituída se asiste polo menos unha das persoas representantes de cada entidade.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Consellería de Sanidade, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Novena. Natureza do convenio

Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.

Décima. Revogación, reintegro e resolución

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Será causa de reintegro total o incumprimento das obrigas establecidas para o concello nas cláusulas deste convenio.

En todo caso, será causa de extinción deste convenio a inviabilidade da realización da actuación por causas non imputables ás partes. Así mesmo, será causa de extinción a denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes asinantes.

Décimo primeira. Publicidade

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18

de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información requirida será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Decimo segunda. Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o remate das obras de acondicionamento do inmovble, e en todo caso, ata o 31 de decembro de 2024.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan o presente convenio no lugar e data sinalados no encabezamento.

Por parte da Consellería de Sanidade



Antonio Gómez Caamaño

Por parte da Asociación Érguete de
Prevención e Intervención en Condutas
Aditivas

Sonia Fernández Vilar